



RESOLUCION

De conformidade coas atribucións conferidas pola Lei de Bases de Réxime Local 7/85, de 2 de abril, e disposicións de aplicación

RESOLVO

Convocar sesión ordinaria da Corporación Municipal que se celebrará na Casa do Concello o 28 de xuño de 2016, ás 20,00 horas, de conformidade coa seguinte

ORDE DO DIA

1º.-Dar conta das resolucións e decretos dictados pola Alcaldía e concelleiros delegados.

2º.-Toma de posesión de D. Manuel Gregores Martínez, como concelleiro do grupo municipal de Alternativa Ciudadana de Ponteareas (ACIP), á vista da credencial remitida pola Xunta Electoral Central.

3º.- Proposta de aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por ensinanzas do Conservatorio de Música REVERIANO SOUTULLO do concello de Ponteareas, engadindo:

- Engadir no artigo 9 o seguinte parágrafo, no sentido seguinte:
- Previa solicitude do interesado/a podrá fraccionarse o pago da matrícula en catro mensualidades.

4º.-Proposta da concelleira de Benestar Social de declaración de Ponteareas, localidade solidaria co Alzheimer.

5º.-Proposta do Alcalde do 21-06-16 de desestimación das reclamacións presentadas ao Orzamento municipal do 2016, de aprobación definitiva do Orzamento municipal para o 2016, e outros.

6º- MOCIÓNS:



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

6.a)-Moción do PP, con rexistro do 16 de xuño de 2016, propoñendo que a Deputación de Pontevedra formalice un convenio de colaboración coa Ruta do Viño Rías Baixas, nos termos do convenio asinado nos últimos anos, que permita realizar labores de promoción e difusión do sector turístico e vitivinícola, ámbolos dous, piares económicos fundamental das Rías Baixas.

6.b)-Moción, presentada polo grupo municipal EU, con data de rexistro de entrada 16 de xuño de 2016 (nº 2016/5235), sobre medidas contra os desfiuzamentos.

6.c)-Moción do PP, con rexistro do 16 de xuño de 2016, propoñendo instar ó goberno da Deputación de Pontevedra a que aporte cantidade económica que lle corresponde nun convenio a tres bandas, coa Xunta de Galicia e coa FEGAMP, para paliar os danos ocasionados polos temporais nos concellos da provincia.

7º-COMPARECENCIAS:

7.a)Escrito do PP con rexistro do 13-6-16 solicitando a comparecencia da concelleira de Seguridade Cidadá e Mobiliade para que dea explicacións sobre o peche do tráfico nas ruas Oriente,Esperanza e Praza Maior,e outros extremos.

7.b).- Escrito do PP con rexistro do 16-6-16 solicitando a comparecencia do concelleiro de Facenda para que dea explicacións sobre a solicitude ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do aprazamento a 120 mensualidades da liquidación da participación dos tributos do Estado do 2013 e outros.

8º-Rogos e Preguntas.

Mándao e asinao o Sr.Alcalde en Ponteareas a 23 de xuño de 2016.

O Alcalde.

Ante min,Secretaria.

Xosé Represas Giráldez.

Pilar Fernández Alonso.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)